



O LABORATORIO DE ANÁLISES CLÍNICAS PUBLICA DOUS NOVOS ARTIGOS NUNHA REVISTA CIENTÍFICA IBEROAMERICANA

- *Trátase da primeira publicación especializada en medicina do laboratorio, a nivel mundial editada en lingua española*
- *O primeiro estudo analiza as formas de resistencia do E. Coli no microscopio óptico, para mellorar o tratamento da infección urinaria cando non responde aos antibióticos betalactámicos*
- *A outra investigación tivo por obxecto garantir a calidade dos seminogramas, probas que estudan a función reprodutiva masculina, deseñando unha ferramenta que facilita ao paciente o cumprimento de todos os requisitos na entrega da mostra*

Vigo, 5 de outubro de 2021. O laboratorio de Análises Clínicas da Área Sanitaria de Vigo ven de publicar dous traballos no último número da *Revista Electrónica de Ciencias de Laboratorio Clínico DIV (Diagnostico In Vitro)* para Latinoamérica, España e Portugal. Trátase dunha revista nova, auspiciada pola Federación Internacional de Química Clínica (IFCC) e dirixida polo Dr. Raúl Girardi de Argentina.



O equipo de investigadores, coordinado pola especialista en Análises Clínicas, Carmen Domínguez Grandal, está composto polas facultativas Leticia Rodríguez Calviño, Susana Romero Santos, e a residente Laura Rollán Manso.

Os títulos dos artigos foron: "Formas de resistencia (formas L) de Escherichia Coli (*E. Coli*): la importancia del sedimento urinario"; e "Innovadora herramienta básica para reducir la variabilidad intraindividual del seminograma".





Resistencias do *E. Coli*

O primeiro traballo analiza ao microscopio óptico, as formas de resistencia (formas L) do xerme *E. Coli*, para mellorar o tratamento da infección urinaria que moitas veces non responde aos antibióticos.

As *formas L* son unha variante bacteriana, que están infradiagnosticadas xa que clinicamente son pouco coñecidas, poden confundirse ao microscopio con outros elementos no sedimento de ouriños. Por isto, é necesario confirmalas sempre co cultivo de ouriños, informándolle ao clínico da súa presenza, xa que lle orienta cara a sospeita de que o paciente estea sendo tratado cun antibiótico que crea resistencia e, en consecuencia, a necesidade de cambiálo por outro.

Segundo afirma a Dra. Domínguez Grandal, “tras 6 anos de estudo no noso laboratorio encontramos soamente *formas L* en *E. Coli*. Trátase dun achado que ven a corroborar o aviso da OMS sobre o incremento a nivel mundial das resistencias bacterianas, sendo o *E. Coli* un dos patóxenos que presentan maior resistencia, estando incluído nos grupo de prioridade crítica”.

Calidade nos seminogramas

O seminograma constitúe a proba diagnóstica de laboratorio clínico máis importante que permite avaliar a calidade seminal, aínda que soe presentar unha alta variabilidade intraindividual, debido, entre outras causas, a variabilidade biolóxica e a erros analíticos.

Este equipo de profesionais do laboratorio comprobou que estes erros debíanse a que, ás veces, o paciente omitía a verdade, entregando a mostra a pesar de non cumprir con todos os criterios solicitados para a súa recollida, dado que se expoñía ao rexeitamento da mesma e verse na obriga de ter que solicitar unha nova cita.

“Para minimizar esta variabilidade nos resultados, deseñouse no noso laboratorio unha ferramenta que denominamos “Paciente con selo”. Isto é, selamos o resguardo de petición, para que o paciente conserve a mesma cita e volva outro día cando poida, pero cumprindo todos os requisitos. Trátase dunha medida moi sinxela pero que está resultando de gran eficacia na correcta entrega das mostras de seme”-explica a Dra. Domínguez Grandal.

